



DATOS IDENTIFICATIVOS

Intervención en Necesidades Educativas dos Alumnos con Discapacidade Intelectual

Materia	Intervención en Necesidades Educativas dos Alumnos con Discapacidade Intelectual			
Código	P02M081V02101			
Titulación	Máster Universitario en Necesidades específicas de apoio educativo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	García Señorán, María del Mar			
Profesorado	Deaño Deaño, Manuel García Señorán, María del Mar Ojea Rúa, Manuel			
Correo-e	msenoran@uvigo.es			
Web	http://masterapoioeducativo.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia Intervención en Necesidades Educativas dos Alumnos con Discapacidade Intelectual forma parte do módulo Aspectos Psicopedagóxicos en Necesidades Educativas. Céntrase no desenvolvemento das persoas con discapacidade intelectual, trastornos do espectro autista e por déficit de atención/hiperactividade; a avaliación e implicacións dos procesos cognitivos e as súas necesidades de apoio educativo e, nos sistemas de intervención que promoven a competencia persoal e a aprendizaxe significativa en estudantes con estes trastornos do neurodesarrollo.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados co seu área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de un modo que terá que ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B1	Saber aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento dos procesos neuropsicolóxicos e a resposta organizativa de centro e servizos de apoio en contornas con poboacións con dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento, así como no deporte de base e na actividade física para poboacións especiais.
B2	Sintetizar os coñecementos adquiridos sobre avaliación e intervención, resposta organizativa de centro e os servizos de apoio e integralos nos contextos de aprendizaxe do estudante, o deporte de base, así como da actividade física para poboacións especiais, a saúde e a calidade de vida, sen discriminación de xénero, de clase, nin de etnia.
B3	Diseñar sistemas de asesoramento e de intervención educativa tendo en conta a resposta organizativa do centro, as metodoloxías e as TIC para a inclusión escolar, así como o deporte adaptado, a actividade física para persoas con distintas discapacidades, o exercicio físico, a saúde e a calidade de vida.
B4	Xeneralizar a distintos contextos e situacións o coñecemento, as destrezas adquiridas, axustando as habilidades pertinentes que as conforman. Todo iso con criterios de non discriminación de xénero e respecto dos valores democráticos.

- C1 Saber aplicar sistemas de avaliación e intervención á determinación das necesidades educativas especiais dos estudantes con discapacidade intelectual, motriz e sensorial; de dificultades de aprendizaxe derivadas do contexto sociocultural, de discriminación por razóns de xénero, clase, e etnia e de dificultades de aprendizaxe específicas (lectura, escritura e cálculo), delimitando ámbitos prioritarios de actuación e os apoios requiridos para promover a aprendizaxe significativa e relevante.
- C2 Saber detectar e analizar posibles barreiras para o acceso ao currículo, a aprendizaxe e a participación do alumnado con necesidades educativas especiais e problemas de aprendizaxe.
- C3 Coñecer os sistemas adecuados para intervir na mellora da competencia persoal do alumnado naqueles ámbitos do seu desenvolvemento psicolóxico, social, de actividade física e deportivo que poidan relacionarse cas súas necesidades educativas especiais.
- C4 Xerar destrezas para aprender a diseñar, en colaboración co profesorado de aula, plans de traballo individualizado para o alumnado con necesidades educativas específicas integrados na resposta organizativa do centro e nos servizos de apoio, utilizando as TIC e favorecidos por actividades de deporte adaptado e que potencien actividades de saúde e calidade de vida.
- C6 Saber avaliar as implicacións do uso de diferentes respostas educativas ante os problemas derivados da atención á diversidade.
- D4 Propoñer iniciativas, xerar ideas novas e adaptarse a situacións diversas con flexibilidade.
- D5 Capacidade de organización, planificación e autoevaluación.
- D6 Traballar en grupo e desenvolver actitudes de participación e colaboración.
- D7 Comunicar con eficacia o coñecemento obtido, de forma oral e escrita, tanto a persoas non expertas como a outros especialistas, utilizando os recursos persoais e apoiándose nas tecnoloxías da información e da comunicación.
- D8 Recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade.
- D9 Actuar con coherencia, responsabilidade e rigor, mantendo un compromiso ético.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer as distintas condicións experimentais da intervención sobre aprendizaxe escolar en discapacidade intelectual e/ou trastornos xeneralizados do desenvolvemento.	A2 A3 B2 C3 D4 D5 D8
Ser capaz de elaborar e deseñar programas de instrución e aplicarlos conforme ás condicións experimentais establecidas e ás necesidades de apoio dos persoas da aprendizaxe.	A2 A3 B1 C3 C4 D6 D8 D9
Sintetizar os principais resultados obtidos na aplicación de programas, valorando os resultados como achega ao coñecemento actual	A2 A5 B4 C2 C3 C4 C6 D4 D6 D8 D9
Avaliar os resultados dos programas de intervención aplicados a persoas con discapacidade intelectual en termos do coñecemento actual do curso.	A2 A5 B4 C2 C3 C4 C6 D4 D8 D9

Ser capaz de aplicar e comunicar os seus resultados a situacións de dificultades de aprendizaxe

A2
B3
B4
C1
D5
D6
D7

Contidos

Tema	
Desenvolvemento, avaliación e intervención en persoas con discapacidade intelectual	Explicacións da discapacidade intelectual desde as concepcións de dominio xeral ou dominio específico Avaliación da discapacidade intelectual Intervención Educativa na discapacidade intelectual: PREP-L e PREP-M
Desenvolvemento, avaliación e intervención en persoas con trastorno por déficit de atención/hiperactividade	O proceso atencional. Factores determinantes. Deficits da atención. O trastorno con déficit de atención con hiperactividade (TDAH). Dificultades persoais e escolares Avaliación e instrumentos para o diagnóstico do TDAH Intervención para a mellora do proceso atencional. Análise de programas.
Desenvolvemento, avaliación e intervención en persoas con trastorno do espectro autista.	Explicacións do autismo: hipótese da Teoría da Coherencia Central Cognitiva. A teoría da percepción Instrumentos diagnósticos específicos en persoas con TEA de nivel 1-2-3: ADI-R; GARS, CAST, ASAS, IDEA Intervención Educativa: Desenvolvemento cognitivo-emocional. Programa de integración Gestaltico Programa de Desenvolvemento da Comprensión Social Programa de desenvolvemento perceptivo- cognitivo: RELATEA

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	3	0	3
Seminario	5	0	5
Obradoiro	7	0	7
Traballo tutelado	7	0	7
Traballo	0	53	53

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos principais contidos teóricos da materia con axuda de medios audiovisuais
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre temas específicos da materia e a análise dos procedementos utilizados na formulación sobre o tema.
Obradoiro	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Traballo tutelado	Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do docente. Pode estar vinculado con actividades autónomas do estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Apoio e asesoramento para a organización de actividades de debate enfocadas ao traballo sobre temáticas específicas que permitan profundar nos contidos da materia.
Traballo tutelado	Orientación sobre contidos e actividades expostas sobre a materia e resolución de dúbidas sobre contidos teóricos ou actividades prácticas.
Obradoiro	Asesoramento para o desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Probas	Descrición
Traballo	Orientación sobre a planificación, elaboración e presentación dos traballos prácticos.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Seminario	Valoración da participación activa do estudante na discusión de documentos científicos, casos ou outras actividades propostas na aula	20	A3 A5	B2	C1 C3 C6	D6
Traballo tutelado	Avaliación dos exercicios ou proxectos realizados na aula e/ou das actividades autónomas do estudante	40	A2 A3 A5	B3 B4	C2 C3 C4	D4 D5 D8 D9
Traballo	Elaboración e presentación oral e escrita de informes, por parte dos estudantes, relacionados cos contidos e/ou procedementos do módulo correspondente	40	A3 A5	B2	C3 C4	D5 D6 D7 D9

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA

Este máster ten a modalidade de ensino presencial, polo que a asistencia a clase e a realización dos traballos de aula son obrigatorios para a avaliación continua. Esta asistencia debe ser dun mínimo do 80% da materia. O/a estudante que falte a unha sesión deberá poñerse en contacto co/a docente para realizar a(s) tarefa(s) alternativa(s) correspondente(s) para poder continuar a avaliación continua.

Para superar a materia será necesario que os estudantes obteñan en cada proba ou actividade obxecto de avaliación como mínimo o 50% de cualificación nese apartado.

AVALIACIÓN GLOBAL

O alumnado que non poida seguir a avaliación continua realizará unha proba dos contidos da materia, na data marcada no calendario do mestrado para os exames oficiais. Esta proba suporá o 100% da puntuación e os seus pormenores e características serán concretadas polo profesorado o día da presentación da materia e cando se faga a consulta persoalmente.

O/a estudante que non supere a avaliación da materia poderá presentarse na segunda convocatoria, no mes de xullo, na que se avaliarán as competencias non adquiridas na 1ª oportunidade.

Poden consultarse as datas oficiais de avaliación da materia na web do Mestrado no espazo "exames" e na plataforma de teledocencia.

Esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, L., González-Castro, P., Soler, E., González-Pienda, J.A. y Núñez, J.C. (Coord.), **Aprender a atender (un enfoque aplicado)**, CEPE, 2004

Bal, E.; Harden, E., y Lamb, D., **Emotion recognition in children with autism spectrum disorders: relations to eye and autonomic state**, 2010

Bassedas, E. (2010), **Alumnado con discapacidad intelectual y retraso del desarrollo**, Graó, 2010

Das, J.P., Deaño, M., García-Señorán, M.M. y Tellado, F., **C.A.S. un instrumento para la mejora cognitiva de atención a la diversidad**, 2000

Deaño, M., **Intervención psicopedagógica en la deficiencia mental**, GERSAM, 2001

Deaño, M., **D.N.:CAS (Das-Naglieri: Sistema de Evaluación Cognitiva). Adaptación española**, GERSAM, 2005

Ojea, M., **Autismo, Asperger. Programa de Integración Gestálti**, Aljibe, 2009

Ojea, M., **Emociones en niños y niñas autistas. Programa de Desarrollo de la Comprensión Social**, Promolibro, 2010

Tejedor-Tejedor, F.J., González-González, S.G. y García-Señorán, M.M., **Estrategias atencionales y rendimiento académico en estudiantes de secundaria**, 2008

Verdugo, M. A., **Discapacidad Intelectual: definición, clasificación y sistemas de apoyo**, 11ª, Alianza Editorial, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

RECOMÉNDASE:

- A asistencia á primeira sesión de clase para poder coñecer os obxectivos da materia, a planificación xeral e as opcións de avaliación da mesma.
 - A asistencia continuada ás sesións de clases e ás tutorías para poder seguir o desenvolvemento da materia por parte dos estudantes
 - O uso continuado da plataforma virtual na que se recollen actividades, orientacións e criterios de avaliación para o correcto desenvolvemento da materia.
-